



Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

BASES QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL INDEFINIDA DE UN/HA TRABALLADOR/A SOCIAL, CON BOLSA DE CONTRATACIÓN ENTRE OS ASPIRANTES NON SELECCIONADOS.

PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria.

- 1.** O **obxecto** destas bases é regular a convocatoria dun proceso de selección por concurso-oposición para a contratación de **1 TRABALLADOR/A SOCIAL**.
- 2.** A modalidade contractual será indefinida segundo a normativa vixente en materia laboral.
- 3.** As funcións serán ás propias do posto de traballador/a social, no concello que se lle indique.
- 4.** Sistema de **selección**: será o de **concurso-oposición**.

SEGUNDA. Condicións e requisitos dos aspirantes.

Os aspirantes que tomarán parte no concurso-oposición deberán reunir, na data en que remate o prazo concedido para a presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

- a)** Ser español ou cidadán dalgún estado membro da Unión Europea nos termos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, así como estranxeiros con residencia legal en España.
- b)** Ter cumpridos os 18 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c)** Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o correcto desempeño das correspondentes funcións.
- d)** Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, comunidades autónomas ou entidades locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- e)** Non estar incurso en causa vixente de incapacidade ou incompatibilidade.
- f)** Estar en posesión, ou en condicións de obter na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, do título de **diplomatura universitaria en traballo social, ou do título de grao en traballo social**, que deberá ser acreditado mediante documento oficial expedido polo organismo competente.





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

g) Posuír permiso de conducir **tipo B** ou superior e dispoñibilidade de vehículo.

TERCEIRA.- Criterios de selección, puntuación e xustificación.

Os méritos que se valorarán, segundo a puntuación e acreditación que se especifica, son os seguintes:

A FASE DE CONCURSO (de 0 a 40 puntos - 40% DO TOTAL) constará dos seguintes apartados:

1. Experiencia profesional: a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de **30 puntos**.

Por servizos profesionais prestados como traballadora social (**máximo 30 puntos**).

- 0,50 puntos/mes.

A experiencia profesional acreditarase **EXCLUSIVAMENTE** mediante a presentación **CONXUNTA** de certificado de vida laboral actualizada e copia dos contratos de traballo. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

2. Formación: puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de **10 puntos**:

Por cada curso directamente relacionado coas funcións propias do emprego a que se opta avalados por un organismo público:

Cursos de 0 a 40 horas: 1 punto/curso

Cursos de 41 a 100 horas: 2 puntos/curso

Cursos de 101 a 250 horas: 3 puntos/curso

Cursos de 251 horas a 500 horas: 4 puntos/curso

Cursos de máis de 500 horas: 5 puntos curso

FASE DE OPOSICION (de 0 a 60 puntos - 60% DO TOTAL):

1. Exame teórico: obrigatorio e con carácter eliminatorio: máximo **40 puntos**.

Realizarase unha proba teórica (de 60 minutos de duración máxima) na que deberán de superar un exame de 40 preguntas tipo test relativas as materias incluídas no temario que figura como Anexo III. Cada resposta correcta sumará 1 punto. Cada resposta errada, restará 0,50 puntos. As preguntas non contestadas, non suman nin restan.

Para superar o exercicio haberá que obter unha puntuación mínima de 20 puntos





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

2. Exame **práctico**: obrigatorio e con carácter eliminatorio: máximo **20 puntos**.

Realizarase unha proba na que deberán de resolver un caso práctico (de 90 minutos de duración máxima) mediante proba escrita co plantexamento dun suposto ou supostos e cuestións directamente relacionadas cas funcións do posto ofertado

3. Exame de galego: Exame de carácter obrigatorio e non eliminatorio. Este exercicio consistirá na tradución sen dicionario dun fragmento dun documento administrativo proposto polo tribunal e no tempo máximo que se determine. Este exercicio será cualificado de “apto” ou “non apto”. Quedan exentos de realizar esta proba as persoas aspirantes que acrediten estar en posesión do Celga 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

QUINTA. Forma e prazo da presentación de solicitudes.

1. As instancias solicitando formar parte do proceso selectivo presentaranse no modelo oficial facilitado pola Mancomunidad (Anexo I), e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeneral desta Mancomunidad ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

De non presentarse as solicitudes no Rexistro Xeral, e co fin de axilizar os trámites, é aconsellable que os/as interesados/as, dentro do prazo, remitan por correo electrónico (mancomunidad@verin.gal) a comunicación da presentación da solicitude por algún dos medios previstos no referido artigo 16 da Lei 39/2015.

O horario de presentación de documentación no rexistro da Mancomunidad será de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas na r/ o Castro 4 baixo – 32600 Verín.

As bases íntegras publicaranse na sede electrónica desta Mancomunidad [<https://mancoverin.sedelectronica.gal>], no Taboleiro de Anuncios e na páxina web da Mancomunidad (<http://www.mancoverin.es>).

2. Xunto coa solicitude, os aspirantes achegarán a seguinte documentación:

- a) Copia do **DNI** ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- b) Relación de **méritos** que alega, **Anexo IV** debidamente cuberto; e a documentación xustificativa de cada un deles, significándose que non se valorarán aqueles méritos que polo tribunal se consideren que non estiveran suficientemente acreditados. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados ou aportados con





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

posterioridade o remate do prazo de presentación de instancias.

- c) **Declaración** responsable de cumprir cos requisitos necesarios para contratar coa Administración pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente (**Anexo II**).
- d) Copia do **permiso de conducir**.
- e) **Xustificante de pago da taxa** de participación no proceso selectivo. (Ordenanza publicada no BOP de Ourense núm. 265, do 19 de novembro de 2022). O importe ingresarase na conta da Mancomunidad (**ES6420805344473110151398**) que para prazas do grupo A2 e de trinta euros (**30,00 €**).

No caso de que a persoa interesada teña **reducción** do 100% da cota tributaria por ter a condición de **persoa desempregada de longa duración**, deberá achegar certificación desta situación expedida polo servizo público de emprego. Para estes efectos, entenderase como persoa desempregada de longa duración aquela que conste inscrita na oficina de emprego como demandante de emprego durante 12 meses ou máis de forma consecutivos ou 12 discontinuos un período de 18 meses. (Art. 6.1 a) da vixente Ordenanza)

As persoas **vítimas de violencia de xénero**, xuntarán resolución xudicial ou orde de protección ou informe do Ministerio Fiscal, para beneficiarse da **reducción** do 100% da cota tributaria por ter a condición. (Art. 6.1 b) da vixente Ordenanza)

No caso de que a persoa interesada teña **reducción** do 100% da cota tributaria por **diversidade funcional igual ou superior ao 33%**, deberá acreditar esta circunstancia mediante certificación acreditativa expedida polo Instituto Nacional de Seguridade Social. (Art. 6.1 c) da vixente Ordenanza)

No caso de que a persoa interesada **forme parte dunha familia monoparental**, para ter dereito a **reducción** do 100% da cota tributaria, deberá acreditarlo mediante a aportación do libro de familia. (Art. 6.1 d) da vixente Ordenanza)

As persoas **vítimas do terrorismo**, para ter dereito a **exención** do pago da taxa, deberá acreditarlo mediante a aportación dun certificado emitido polo órgano competente do Ministerio do Interior. (Art. 6.2 da vixente Ordenanza)

No caso de que a persoa interesada **forme parte dunha familia numerosa**, para acollerse á correspondente **bonificación** do 50% ou do 100% no pago da taxa, deberá achegar copia do título de familia numerosa expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia. (Art. 6.3 da vixente Ordenanza)

3. Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

4. Logo de rematado o prazo de presentación de instancias a Presidencia, como responsable de persoal, ditará unha resolución na que se aprobará a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, que será exposta no taboleiro de anuncios, na páxina web e na sede electrónica desta Mancomunidad.

Os/as aspirantes excluídos/as e/ou omitidos/as disporán dun prazo de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución, para emendar o defecto que motivase a exclusión, en todo caso por escrito, constando a descrición precisa da reclamación e achegando a documentación en que se fundamente.

As reclamacións deberán ser rexistradas e presentadas de idéntica forma que as solicitudes. Non caben reclamacións para a falta de documentación non achegada no seu momento.

Rematado o prazo de reclamación e/ou de emenda de erros, o Sr. Presidente ditará unha resolución aprobando a listaxe de admitidos e excluídos definitiva, fixando a data da celebración das probas selectivas e da proba de galego, de ser o caso, que se publicará no Taboleiro de Anuncios, na páxina web da Mancomunidad e na sede electrónica desta Mancomunidad.

No caso de que por circunstancias excepcionais houbera que modificar lugar, data ou hora das probas selectivas, publicarase no Taboleiro de Anuncios, na páxina web da mancomunidad e na sede electrónica desta.

No caso de non presentarse reclamacións polos/as aspirantes excluídos/as (de existir) a lista publicada terá carácter definitivo.

Contra a resolución do Presidente pola que se declaren definitivamente excluídos do proceso selectivo, o/a interesado/a poderá interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á publicación da devandita resolución, ou ben directamente o recurso contencioso - administrativo no prazo de dous meses desde a citada data.

Non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a súa desestimación presunta.

SEXTA. Tribunal de selección.

O Tribunal encargado da cualificación das probas e da supervisión do proceso designarase conforme ao estipulado no artigo 60 do TREBEP.

Tódolos e tódalas vogais deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior ás





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

esixidas para o acceso á praza convocada.

O Presidente do Tribunal poderá dispoñer a incorporación ao Tribunal doutros ou doutras asesores especialistas para as probas que consideren pertinentes, limitándose estes ou estas a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, e actuando con voz pero sen voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándolle á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público., ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria. O presidente poderá esixir dos membros do tribunal declaración expresa de non estar incurso nas circunstancias establecidas nos citados artigos, os e as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as devanditas circunstancias, segundo o disposto nos artigos citados.

O Tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, e resultando, en todo caso, imprescindible a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

O Tribunal poderá adoptar as medidas precisas naqueles casos nos que resulte necesario, para que os e as aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións ás do resto dos demais aspirantes.

As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do Presidente.

SÉTIMA. Resolución da convocatoria e contratacións.

1. Unha vez concluído o proceso de selección, o tribunal publicará no taboleiro de edictos, na Sede Electrónica e na páxina web da Mancomunidad o nome do candidato proposto para o nomeamento, pola orde de puntuación acadada e con indicación da cualificación obtida.
2. De acordo coa relación, elevarase ó presidente, ademais da acta da sesión, a devandita proposta de nomeamento do aspirante aprobado, procedendo o presidente aos nomeamento do aspirante seleccionado, efectuándose a formalización do correspondente contrato laboral.
3. En ningún caso o tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que prazas convocadas.





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

OITAVA. Bolsa de contratación.

As persoas que non consigan praza pasarán a forma parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, cando o concello necesite algún/ha traballador/a destas características para o mesmo servizo e posto obxecto da presente convocatoria, para cubrir postos que queden vacantes, entón acudirá a dita bolsa, seleccionando ó/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ó/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto ou non cumpra nese intre cos requisitos dos aspirantes expostos nestas bases; o que suporá pasar ó final da lista salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse mediante a documentación precisa. A duración desta bolsa será polo tempo que dure o servizo subvencionado.

Novena. Recursos.

Estas bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

O Presidente,

Asdo.: José Luis Suárez Martínez

(Documento asinado dixitalmente á marxe)





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

ANEXO I: Modelo de instancia

NOME E APELIDOS _____

DNI _____ DATA NACEMENTO _____

R/ _____ Nº _____

LOCALIDADE _____ -PROVINCIA _____

CÓDIGO POSTAL _____ TELÉFONO _____ e-mail _____

Enterado/a da convocatoria pública realizada pola Mancomunidad de Verín, para a contratación dun/dunha TRABALLADOR/A SOCIAL .

DECLARO:

1º- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.

2º.- Solicito ser admitido/a ó referido procedemento, e comprométome a someterme ás bases que o regulan.

3º.- Que autorizo a Mancomunidad de Verín para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro e na páxina Web da Mancomunidad, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

Verín , ____ de _____ de 2023

Asdo. _____

AO PRESIDENTE DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE VERIN.





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

ANEXO II: Modelo de declaración responsable

D./Dña.....con DNI.....,e domicilio en....., declaro que reúno os requisitos necesarios para contratar coas administracións públicas, que non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente, que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de contratación traballador/a social asino esta declaración, baixo a miña responsabilidade, en Verín,.....de.....de 2023.

(Asinado polo/a interesado/a)





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

ANEXO III: TEMARIO

Tema 1. Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Lei 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Tema 2. Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia: Principios xerais.

Tema 3. Os servizos sociais comunitarios en Galicia e o seu financiamento.

Tema 4. O traballo social: concepto, funcións e niveis de intervención, fundamentos e principios.

Tema 5. O Proceso metodolóxico no traballo social.

Tema 6. Recursos técnicos de Traballo social (Técnicas, Instrumentos, soportes documentais e informáticos)

Tema 7. Ética profesional e Código deontolóxico do traballo social.

Tema 8. Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

Tema 9. A poboación inmigrante. Lei orgánica 8/2000, de 22 de decembro, de reforma da Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social: Reagrupamento familiar e arraigo.

Tema 10. As persoas con discapacidade: Normativa, valoración, recursos.

Tema 11. Muller: CIM, Programas e Axudas as mulleres vítimas da violencia de xénero en Galicia.

Tema 12. Maiores: Recursos e programas.

Tema 13. Dependencia: Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción de autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia. Procedemento para o recoñecemento, catálogo de servizos do SAAD e prestacións.





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

Tema 14. O servizo de axuda no fogar (SAF): Normativa, coordinación e funcionamento.

Tema 15. Familia, infancia e adolescencia: papel dos servizos sociais de atención primaria.
Absentismo escolar.

Tema 16. O procedemento administrativo común nos servizos sociais comunitarios.

Tema 17. Competencias das entidades locais en materia de servizos sociais. Constitución española. Lei reguladora de bases do réxime local e marco competencial autonómico de Galicia.

Tema 18. Decreto 99/2012 de servizos sociais Comunitarios I. Principios, obxectivos, funcións e competencias. Programas básicos.

Tema 19. O informe social. Tipos e estilo.

Tema 20. As Mancomunidades de municipios no réxime local. En especial a Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín, organización, competencias e servizos.





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

ANEXO IV: Relación de méritos alegados.

NOME: _____ APELIDOS: _____

DNI _____

REQUISITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS Ó POSTO DE TRABALLADOR/A SOCIAL

ACREDITO O SEGUINTE:	SI	NON
DIPLOMATURA/GRAO DE TRABALLO SOCIAL		
PERMISO DE CONDUCIR TIPO B		
COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA		

EXPERIENCIA LABORAL

Encha o cadro segundo a información da súa vida laboral, preferentemente organizada de máis recente a máis antiga. Lembre que debe presentar o certificado da vida laboral e contratos ou certificados de empresa onde figure a categoría profesional correspondente.

NOME DA EMPRESA/ORGANIZACIÓN	CATEGORÍA PROFESIONAL	TOTAL MESES	TOTAL DÍAS	SINALE SE PERTENCE A ADMINISTRACIÓN PÚBLICA OU PRIVADA





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

FORMACIÓN

Encha o cadro segundo os cursos de formación homologados que dispoña, facendo mención ó curso e o número de horas. No suposto de que non dispoña de número de horas, deixe o oco baleiro. Prégase organizar a información de maior a menor: cursos de maior duración a menor duración. Lembre que a formación debe estar relacionada coas funcións do posto.

NOME DO CURSO	ENTIDADE	Nº HORAS

